

COMO SE DEBUXA UNHA PAISAXE

UNHA PAISAXE QUE TEÑA DE TODO,
DEBÚXASE DESTE MODO:
UNHAS MONTAÑAS, UN PINO,
ARRIBA O SOL, ABAIXO O CAMIÑO,
UNHA VACA, UN CAMPESIÑO,
UNHAS FLORES, UN MUÍÑO,
A GALIÑA E UN COELLO,
E PRETO UN LAGO COMA UN ESPELLO.
AGORA TI POS AS CORES,
A MONTAÑA DE MARRÓN,
O ASTRO SOL AMARELO,
COLORADO O CAMPESIÑO,
O PINO VERDE, O LAGO AZUL
(PORQUE É ESPELLO DO CEO COMA TI).
A VACA DE COR VACA
DE COR GRIS O COELLO,
AS FLORES...
COMO TI QUEIRAS AS FLORES.
DA TUA CAIXA DE PINTURAS
USA TODAS AS CORES.

